

Movemento natural da poboación

Datos correspondentes ao ano 2025. Datos provisionais

Data de publicación 26/06/2026

Principais resultados

- Cos datos provisionais de 2025, os nacementos soben por primeira vez dende 2009 e acadan os 13.556, un 1,54% por riba dos 13.350 acontecidos no ano 2024.
- As defuncións ascenderon a 33.456, un 2,16% máis que no ano anterior. Máis de dous terzos das defuncións, 22.504, corresponden a persoas de 80 e máis anos.
- Galicia rexistra un saldo vexetativo negativo de -19.900 persoas, consecuencia dun menor número de nacementos que de defuncións. Só o concello de Oroso presenta saldo positivo con 3 nacementos máis que defuncións.
- Producíronse 9.714 matrimonios, un 5,66 % máis que no ano anterior.

1 Introducción

A "Explotación do movemento natural da poboación" proporciona información sobre os principais fenómenos demográficos (nacementos, defuncións e matrimonios). Xunto coa "Explotación dos movementos migratorios", permite un estudo cronolóxico dunha poboación. Neste caso, a poboación obxecto de estudo son os nacementos de nais residentes en Galicia, as persoas falecidas con residencia en Galicia e os matrimonios que teñen previsto fixar a súa residencia en Galicia.


2 Evolución dos nacementos, defuncións e matrimonios

O número de defuncións en Galicia foi de 33.456 no ano 2025, 707 máis que no ano 2024. Os datos provisionais de 2025 apuntan a unha estabilización dos nacementos tras máis dunha década de descensos continuados, e sitúase en 13.556, un 1,54% por riba dos 13.350 que tiveron lugar no ano 2024.

O saldo vexetativo ou crecemento natural da poboación calcúlase como a diferenza entre o número de nacementos producidos nun ano e o número de defuncións. Un saldo vexetativo negativo indica que se produciron máis defuncións que nacementos. Os datos do último medio século amosan que o saldo vexetativo en Galicia leva tendo signo negativo dende mediados da década dos oitenta. Obsérvase que a diverxencia entre nacementos e defuncións acentúase cos anos, así, os datos provisionais de 2025, -19.900, duplican o saldo vexetativo negativo que se rexistraba fai 25 anos, -9.440.

Evolución do número de nacementos, defuncións e do saldo vexetativo. Galicia

Unidade: Número




Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

No ano 2025, a práctica totalidade dos concellos galegos, 312 dos 313, presentan un saldo vexetativo negativo.

Saldo vexetativo por concellos. Ano 2025

Unidade: Número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

3 Nacementos

En 2025 houbo 13.556 nacementos en Galicia, un 1,54% máis que en 2024. O 78,12% dos nacementos corresponden a nais con residencia nas provincias da Coruña e Pontevedra. Ourense é a provincia galega que presenta un menor número de nacementos, con 1.337, o 9,86% do total galego, pero é a que experimenta a maior subida respecto ao ano anterior, cun 5,69%.

Nacementos. Galicia e provincias


Unidade: Número, porcentaxe

	2024	2025	Taxa de variación 2024-2025	Distribución provincial
Galicia	13.350	13.556	1,54	100,00
A Coruña	5.795	5.922	2,19	43,69
Lugo	1.610	1.629	1,18	12,02
Ourense	1.265	1.337	5,69	9,86
Pontevedra	4.680	4.668	-0,26	34,43

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais.
([descarga da táboa](#)).

Nacementos por concellos. Ano 2025

Unidade: Número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

Os datos dos nacementos segundo a idade da nai constatan o retraso na idade á que as mulleres galegas teñen fillos/as. Así, no ano 2025, os nacementos de nais de 40 e máis anos representan o 14,40% do total de nacementos, fronte ao 2,73% do ano 2000. Paralelamente, o tramo de idade materna no que se concentran o maior número de nacementos foi desprazándose cara a idades máis tardías neste medio século. En 2025, o tramo de 35 a 39 anos concentra a maior proporción de nacementos cun 33,30%. Vintecinco anos atrás, no ano 2000, era o tramo de 30 a 34 anos o que acumulaba a maior porcentaxe de nacementos. E fai medio século, en 1975, correspondía ao de 20 a 24 anos.

Nacementos segundo o grupo de idade da nai. Galicia


Unidade: Número, porcentaxe

Idade	1975	2000	2025	Distribución 1975	Distribución 2000	Distribución 2025
Total	43.850	19.418	13.556	100,00	100,00	100,00
Menos de 20	3.449	542	149	7,87	2,79	1,10
De 20 a 24	13.176	2.517	823	30,05	12,96	6,07
De 25 a 29	12.931	5.649	1.981	29,49	29,09	14,61
De 30 a 34	8.066	7.046	4.137	18,39	36,29	30,52
De 35 a 39	4.057	3.134	4.514	9,25	16,14	33,30
De 40 a 44	1.982	508	1.711	4,52	2,62	12,62
De 45 a 49	175	20	228	0,40	0,10	1,68
50 e máis anos	14	2	13	0,03	0,01	0,10

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

Distribución dos nacementos segundo o grupo de idade da nai. Galicia

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

4 Defuncións

No ano 2025, rexistráronse en Galicia 33.456 defuncións. O 52,78% das defuncións corresponden a persoas de 85 e máis anos. A análise da distribución das defuncións en cada un dos sexos permite comprobar que nas mulleres as defuncións prodúcense a idades máis avanzadas que no caso dos homes. Así, o 77,38% das mulleres que faleceron tiñan máis de 80 anos, porcentaxe que se reduce ao 56,74% no caso dos homes.

Defuncións segundo o sexo e a idade da persoa falecida. Galicia. Ano 2025

Unidade: Número, porcentaxe

Idade	Total	Homes	Mulleres	Distribución Total	Distribución Homes	Distribución Mulleres
Total	33.456	16.401	17.055	100,00	100,00	100,00
0-44	494	314	180	1,48	1,91	1,06
45-49	294	179	115	0,88	1,09	0,67
50-54	548	342	206	1,64	2,09	1,21
55-59	909	625	284	2,72	3,81	1,67
60-64	1.290	894	396	3,86	5,45	2,32
65-69	1.744	1.151	593	5,21	7,02	3,48
70-74	2.333	1.536	797	6,97	9,37	4,67
75-79	3.340	2.054	1.286	9,98	12,52	7,54
80-84	4.846	2.679	2.167	14,48	16,33	12,71
> 84	17.658	6.627	11.031	52,78	40,41	64,68

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

A evolución das defuncións por grupos de idade dende 1997 pon de manifesto o paulatino incremento na idade á que se produce o falecemento. Nese ano, o número de falecidos con máis de 84 anos de idade era moi similar aos de 75 a 84 anos. Porén, co transcorrer dos anos, o conxunto de persoas que acadan máis de 84 anos ao falecemento medra con forza, ata representar máis da metade dos falecidos en 2025. Paralelamente, os falecementos a idades máis novas presentan, ao longo da serie de anos considerados, valores similares ou incluso inferiores.


Defuncións segundo a provincia de residencia da persoa falecida. Galicia

Unidade: Número, porcentaxe

Espazo	2025	Distribución provincial
Galicia	33.456	100,00
A Coruña	13.446	40,19
Lugo	4.952	14,80
Ourense	4.829	14,43
Pontevedra	10.229	30,57

Evolución das defuncións por grupos de idade. Galicia

Unidade: Número



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. Descarga das táboas ([Distribución provincial](#)) ([Defuncións segundo a idade](#)).

5 Matrimonios

No ano 2025, rexistráronse en Galicia 9.714 matrimonios; 276 do mesmo sexo. Por provincias, A Coruña e Pontevedra foron nas que se rexistraron maior número de matrimonios, 4.257 e 3.414, respectivamente, mentres que en Ourense alcanzáronse os 934 matrimonios no ano 2025.

Matrimonios segundo o tipo de matrimonio. Galicia

Unidade: Número, porcentaxe

	2024	2025	Taxa de variación interanual
Total	9.194	9.714	5,66
Home e Muller	8.926	9.438	5,74
Home e Home	139	138	-0,72
Muller e Muller	129	138	6,98

Matrimonios. Galicia e provincias

Unidade: Número, porcentaxe


	2024	2025	Taxa de variación interanual
Galicia	9.194	9.714	5,66
A Coruña	3.914	4.257	8,76
Lugo	1.064	1.109	4,23
Ourense	878	934	6,38
Pontevedra	3.338	3.414	2,28

Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

Nos matrimonios de diferente sexo pódese comprobar un retraso nas idades ás que os homes e as mulleres casan. Así, en Galicia, no ano 2025, o 61,60% das mulleres e o 70,00% dos homes tiñan 35 e máis anos, mentres que fai dez anos estas porcentaxes situábanse no 42,81% e no 55,71%, respectivamente. De feito, no caso dos homes, para o ano 2025 o tramo de idade cunha maior proporción de matrimonios é 50 e máis, cun 23,70%.


Matrimonios de diferente sexo segundo o grupo de idade da esposa. Galicia

Unidade: Porcentaxe



Matrimonios de diferente sexo segundo o grupo de idade do esposo. Galicia

Unidade: Porcentaxe




Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

En 2025, o tipo de matrimonio máis frecuente é o civil, cun 88,12%, o que supón un incremento respecto de 2015, no que o 72,10% dos matrimonios eran dese tipo.

Matrimonios de diferente sexo segundo o tipo de celebración

Unidade: Porcentaxe



Fonte: IGE, INE. Movemento natural da poboación. Ano 2025 datos provisionais. ([descarga da táboa](#)).

Nota: a partir do último trimestre do ano 2019, debido a un cambio na recollida dos datos de matrimonios, cambiouse o criterio da residencia do matrimonio para os datos provisionais ([ver metodoloxía](#)). Os datos de matrimonios do mesmo sexo corresponden aos celebrados a partir do 3 de xullo de 2005, data de entrada en vigor da Lei 13/2005, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio.

6 Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

Metodoloxía

- [Metodoloxía](#)

Definicións

- [Definicións](#)

Descarga de datos

- [Nacementos, defuncións, matrimonios e crecemento vexetativo](#)
- [Nacementos segundo idade da nai \(grupos quinquenais\) e sexo do nacido](#)

- [Defuncións segundo idade e sexo](#)
- [Matrimonios por meses segundo o tipo de matrimonio](#)
- [Matrimonios de diferente sexo segundo a idade dos cónxuxes](#)
- [Matrimonios de diferente sexo segundo o tipo de celebración](#)
- [Defuncións segundo sexo e idade. Datos trimestrais avance](#)
- [Defuncións por meses. Datos trimestrais avance](#)
- [Nacementos segundo idade da nai e sexo do nacido. Datos trimestrais avance](#)
- [Nacementos por meses. Datos trimestrais avance](#)
- [Matrimonios por meses segundo o tipo de matrimonio. Datos trimestrais avance](#)